



ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA

CELEBRADA O DÍA 30 DE MARZO DE 2017

Sras./Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE

D. ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIRAS/OS

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN

D. ARGIMIRO SERÉN MERA

DONA PAOLA MARIA MOCHALES

D. LINO MOURIÑO SANTIAGO

DONA SONIA OUTÓN CASAL

D. JUAN ANTONIO PÉREZ CALLÓN

DONA LUZ M^a ABALO PÉREZ

D. TOMÁS FOLE DÍAZ

DONA ROCÍO A. LLOVO DEL RÍO

DONA ELENA SUÁREZ SARMIENTO

D. JESÚS LONGA SÁNCHEZ

DONA ANA M^a GRANJA GUILLÁN

D. ANGEL BENITO PÉREZ DORGAMBIDE

DONA SAGRARIO CASTRO VIDAL

D. JESÚS LÓPEZ RODRÍGUEZ

DONA MARÍA MOSQUERA LEAL

D. MIGEL ALVES LAGO

D. XAVIER RÍOS GONZÁLEZ

DONA LUCÍA CESAR VELOSO

D. GASPAR ANTONIO GONZÁLEZ SOMOZA

SECRETARIA

DONA ROSA LOSADA SUÁREZ

INTERVENTORA

DONA TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo as 17:00 do día 30 de marzo de 2017, e coa asistencia da Secretaria, reuníronse, en primeira convocatoria, os señores Concelleiros, que á marxe se relacionan como asistentes, co obxecto de celebrar Sesión Plenaria Ordinaria convocada ó efecto.

A continuación procédese a trata-los asuntos que figuran na Orde do Día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior de data 2 de marzo de 2017.
2. Toma de coñecemento dos Decretos da Alcaldía emitidos no mes de febreiro de 2017.
3. Toma de coñecemento da solicitude de participación cidadá presentada por parte de asociacións ou entidades en relación con un punto da orde do día que lle afecte directamente e posterior intervención a través dun único representante das mesmas.
4. Toma de coñecemento do marco orzamentario a medio prazo 2018-2020.
5. Aprobación, se procede, de expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos 01/REC/2017.
6. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo municipal do BNG para demandar un sistema de concerto para financiar os servizos públicos básicos en Galiza.
7. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo municipal do PP sobre exposición do PXOM nas diferentes parroquias de Vilagarcía antes de ser debatida a aprobación inicial polo Pleno da Corporación.
8. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE en relación coa Renda de Integración Social de Galicia.
9. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE sobre Becas e axudas de estudo.
10. Interpelacións ou control das decisións do grupo de goberno.
11. Mocións presentadas polos grupos políticos municipais por razóns de urxencia.
12. Rogos e preguntas.
13. Quenda de rogos e preguntas entre o público asistente á sesión.

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 2 DE MARZO DE 2017..- Polo Sr. Alcalde pregúntase se hai algunha proposta de rectificación da acta correspondente á sesión plenaria de

Non habendo ningunha proposta de rectificación queda aprobada por unanimidade.



2. TOMA DE COÑECEMENTO DOS DECRETOS DA ALCALDÍA EMITIDOS NO MES DE FEBREIRO DE 2017.: Pola Secretaria dáse conta ao Pleno da Corporación dos Decretos emitidos pola Alcaldía:

RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DE DATAS ANTERIORES:

Nº DESCRICIÓN

- 1 Aprobación expediente de modificación de saldos iniciais nº 04/MSI/2016
- 1 Aprobación de expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos
- 1 Bases concurso-oposición para creación bolsa de traballo nomeamento de auxiliares administrativos

RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DO MES DE FEBREIRO 2017:

Nº DESCRICIÓN

- 2 Orde de pago de facturas
- 22 Estimación/desestimación de recurso de reposición expediente sancionador de tráfico
- 1 Imposición de sancións en expedientes sancionadores de tráfico
- 4 Iniciación de oficio de expedientes sancionadores de tráfico
- 2 Aprobación de gasto relativo a taxa por publicación de anuncio no BOP
- 1 Orde representación e defensa dos intereses do Concello exercida por Letrado en procedemento xudicial
- 2 Incoación de expediente de reposición da legalidade urbanística
- 1 Reiteración orde eliminación muro sobre a vía pública e restauración da seguridade do vial
- 2 Orde adopción medidas de seguridade e conservación
- 1 Declaración de caducidade de procedemento de reposición da legalidade urbanística e incoación novo expediente
- 3 Arquivo de expediente presentación informe-ditame seguridade elementos exteriores edificación
- 4 Desestimación de recurso de reposición orde limpeza de terreo/reposición legalidade urbanística
- 2 Requirimento presentación informe-ditame seguridade elementos exteriores edificación
- 1 Denegación aprazamento para realización traballos ordenados en resolución
- 4 Concesión de licenza para tenza de animais potencialmente perigosos
- 4 Concesión de licenza para obras de canalización
- 1 Concesión de licenza para substitución toldo
- 1 Aceptación renuncia comunicación apertura de establecemento
- 1 Concesión de licenza de legalización de rótulo
- 1 Conformidade proxecto de execución
- 6 Concesión de licenza municipal de obra maior
- 4 Concesión de licenza municipal de obra menor
- 27 Aceptación comunicación previa obras
- 10 Aceptación comunicación previa para inicio e desenvolvemento de actividade
- 9 Concesión de licenza de primeira ocupación e/ou acometida redes de auga e/ou saneamento
- 2 Concesión de licenza de primeira ocupación e/ou acometida redes de auga e/ou saneamento
- 5 concesión de licenza para instalación de terraza establecemento de hostalería
- 3 Declaración de clausura ou peche de actividade
- 1 Aprobación de expediente de contratación
- 2 Ampliación de prazo de execución de obras
- 2 Orde de pago de facturas
- 8 Aprobación de expedientes de modificación de créditos por incorporación de remanentes
- 1 Tramite de audiencia empregado municipal por ausencia non xustificada do servizo



- 1 Dedución proporcional haberes período de ausencia de alumno obradoiro de emprego
- 1 Autorización/recoñecemento de compatibilidade de empregado municipal
- 1 Concesión de gratificación especial por realización traballo de nivel superior
- 1 Recoñecemento e aboamento en nómina de servizos en domingo
- 1 Recoñecemento e aboamento en nómina de servizos en xornada nocturna
- 2 Corrección erro resolución nomeamento tribunal selección para formación bolsas de traballo
- 1 Nomeamento membros do tribunal de selección para formación de bolsa de traballo operario pintor
- 1 Bases reguladoras probas selectivas para dez postos de auxiliar de Policía Local
- 1 Aprobación de gasto correspondente a aportacións Plan de Pensións
- 1 Recoñecemento de reincorporación laboral de empregado municipal
- 1 Reclamación previa sobre extinción de relación laboral de empregado municipal
- 1 Orde cambio de titularidade no Catastro Inmobiliario de fincas
- 1 Remisión de expediente administrativo a Xulgado do Contencioso Administrativo
- 1 Baixa persoas en Padrón de Habitantes por inscrición indebida.

TOTAL: 155

O Concello Pleno queda sabedor.

3. TOMA DE COÑECEMENTO DA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ PRESENTADA POR PARTE DE ASOCIACIÓNS OU ENTIDADES EN RELACIÓN CON UN PUNTO DA ORDE DO DÍA QUE LLE AFECTE DIRECTAMENTE E POSTERIOR INTERVENCIÓN A TRAVÉS DUN ÚNICO REPRESENTANTE DAS MESMAS.

Dáse conta do disposto no ARTIGO 23.- do Regulamento Orgánico do Pleno:

Cando algunha das asociacións ou entidades, ás que se refire o artigo 72 da Lei 7/1985, de 2 de abril, desexen facer unha exposición ante o pleno, en relación con algún punto da orde do día que lle afecte directamente, deberá solicitalo á alcaldía mediante escrito presentado no rexistro do concello, un día antes da celebración da sesión plenaria. Coa autorización da alcaldía, e a través dun único representante, poderá intervir durante o tempo que a alcaldía lle conceda, con anterioridade á lectura, debate e votación da proposta incluída na orde do día.

Aqueles asuntos onde estean previstas as intervencións de asociacións ou entidades poderán ser tratados con carácter preferente aos restantes asuntos incluídos na orde do día da correspondente sesión plenaria.

Non figura presentada ningunha solicitude de participación cidadá.

4. TOMA DE COÑECEMENTO DO MARCO ORZAMENTARIO A MEDIO PRAZO 2018-2020.:

Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 27 de marzo de 2017, do seguinte teor:

Dáse conta da Resolución da Alcaldía do seguinte teor.

De conformidade co disposto no artigo 29 da LO 2/2012, de 27 de abril de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, así como nos artigos 6 e 15 da Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información reguladas na LO2/2012.

De conformidade coas facultades que en materia de gastos, me confire a Lei 7/85, de Bases de Réxime Local, RDL 2/2004 de 5 de marzo e Real Decreto 500/90, do 20 de abril, en canto a competencia para a formación e elaboración dos orzamentos municipais, e de conformidade coa base 54ª das Bases de Execución do Presuposto,

Visto o informe de intervención Ref.: CV 45/2017 onde se fiscaliza de conformidade o cumprimento do obxectivo de estabilidade e de débeda para o marco orzamentario consolidado 2018-2020 do Concello de Vilagarcía de Arousa.

DISPOÑO:

PRIMEIRO: Aprobar o seguinte marco orzamentario consolidado a medio prazo 2018-2020, no que se enmarcará a elaboración dos orzamentos anuais do Concello de Vilagarcía de Arousa para dito período, e a través dos cales se garante unha programación orzamentaria coherente cos obxectivos de débeda pública e estabilidade orzamentaria, así como o cumprimento da regra do gasto, co seguinte desglose para gastos e ingresos:

INGRESOS

INGRESOS	Exercicio 2018	Exercicio 2019	Exercicio 2020
Ingresos correntes	25.980.057,03	26.366.614,17	26.762.720,10
Ingresos de capital	53.420,40	53.420,40	0,00
Ingresos non financeiros	26.033.477,43	26.420.034,57	26.762.720,10
Ingresos financeiros	150.000,00	150.000,00	150.000,00
Ingresos totais	26.183.477,43	26.570.034,57	26.912.720,10

GASTOS

GASTOS	Exercicio 2018	Exercicio 2019	Exercicio 2020
Gastos correntes	23.620.918,98 €	23.938.591,34	24.265.793,87
Gastos de capital	397.049,84 €	479.561,04	929.446,73
Gastos non financeiros	24.017.968,82 €	24.418.152,38 €	25.195.240,60 €
Gastos financeiros	2.165.508,61 €	2.151.882,19	1.717.479,50
Gastos totais	26.183.477,43 €	26.570.034,57 €	26.912.720,10 €

SEGUNDO: Dar traslado ao Ministerio de Facenda e Administracións públicas dentro do prazo legalmente establecido.

TERCEIRO: Dar conta ao Pleno na primeira sesión que celebre
O mando e asino en Vilagarcía de Arousa, 13 de marzo de 2017.

A Comisión Informativa queda sabedora.

O Concello Pleno queda sabedor.



5. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE EXPEDIENTE DE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS 01/REC/2017.: Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 27 de marzo de 2017, do seguinte teor:

Dáse conta da Memoria da Alcaldía do seguinte teor:

De conformidade co establecido nos Artigos 26.2.C e 60.2 do Real Decreto 500/90, de 20 de abril, poderán aplicarse ós créditos do presuposto vixente as obrigas procedentes de exercicios anteriores, previo recoñecemento extraxudicial de créditos polo Pleno Municipal.

Existen gastos procedentes de exercicios pechados que se encontran nas seguintes situacións:

-Expedientes de gastos realizado no exercicio 2016 dos que as facturas/xustificacións foron recibidas no ano 2017.

Visto que, no orzamento vixente existe crédito suficiente ben nas aplicacións orzamentarias ben a nivel de bolsa de vinculación, nos termos indicados na relación de facturas Nº F/2017/04 anexa á providencia de alcaldía para afrontar estes gastos por un importe de 129.755,74 euros.

Tendo en conta que esta alcaldía considera necesario proceder ao recoñecemento extraxudicial de créditos co fin de evitar o enriquecemento inxusto da Administración dado que se trata de servizos e subministracións efectivamente realizados, en aras a evitar un prexuízo para os provedores, contratistas e demais acredores o tempo que se contribúe a acadar os obxectivos de estabilidade marcados no Plan de Axuste do Concello de Vilagarcía.

Logo de ver o Informe de Intervención, Ref. CV-60/2017 no que se manifesta a necesidade dun acordo plenario para aprobar o recoñecemento extraxudicial de créditos Nº 01/REC/2017 por importe de 129.755,74 euros, con cargo ás aplicacións orzamentarias especificadas na relación anexa á providencia de alcaldía, (relación de facturas nº F/2017/04), esta Alcaldía-Presidencia, somete á aprobación da Corporación Municipal, o seguinte acordo:

“Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos Nº 01/REC//2017, das facturas e xustificantes comprendidos na relación de OPAS Nº D/2017/01 anexa á providencia de alcaldía, por un importe global de 129.755,74 euros, con cargo ás aplicacións orzamentarias do Orzamento do exercicio 2017 (2016 prorrogado), a favor dos acredores e contías individualizadas que figuran na citada relación e no Informe de Intervención”.

Vilagarcía de Arousa, 22 de marzo de 2017

O ALCALDE

Alberto Varela Paz

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes do grupo municipal do PSdeG-PSOE informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PP, EU, BNG e Somos Maioría, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación do expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos Nº 01/REC/2017, por un importe global de 129.755,74 €.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

Somos Maioría	BNG	EU	PP	PSG-PSOE

6. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA DEMANDAR UN SISTEMA DE CONCERTO PARA FINANCIAR OS SERVIZOS PÚBLICOS BÁSICOS EN GALIZA.: Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 27 de marzo de 2017, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo municipal do BNG coa data de 22 de marzo de 2017, do seguinte teor:

MOCIÓN PARA DEMANDAR UN SISTEMA DE CONCERTO PARA FINANCIAR OS SERVIZOS PÚBLICOS BÁSICOS EN GALIZA

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte proposición, para o seu debate en Pleno, relativa á demanda dun novo sistema de financiamento para Galiza baseado no concerto económico para financiar os servizos públicos básicos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O actual sistema estatal de financiamento autonómico, vixente desde 2009, amosou a súa ineficacia para atender os servizos públicos básicos durante a crise.

A Conferencia de Presidentes que tivo lugar en xaneiro de 2017 unicamente acordou iniciar os traballos para a súa revisión, xa que desde 2014 estaba prorrogado por decisión unilateral do Goberno central. As conclusións deste conclave deixan entrever que o Goberno central e os gobernos das comunidades autónomas presentes non teñen interese en facer unha revisión a fondo do sistema de financiamento, mantendo en mans da administración central do Estado a maior parte da capacidade fiscal e recadatoria.

Desde o BNG cremos necesario mudar o actual modelo, onde Galiza recibe o que se acorda desde Madrid, sen capacidade para exercermos unha política fiscal propia. Galiza ten competencias en políticas sociais fundamentais, xestionando os servizos básicos máis relevantes: sanidade, educación, servizos sociais, ou dependencia. Asume, por tanto, a responsabilidade sobre unha parte importante das denominadas “políticas de benestar”, que requiren de elevados recursos económicos para o seu funcionamento. A pesar diso, este sistema de financiamento, baseado en transferencias e cesión de impostos, apenas lle permite a Galiza decidir realmente sobre a política fiscal, sobre a xestión e recadación dos impostos que se pagan aquí, que son o soporte que realmente financia as competencias e servizos básicos atribuídos a Galiza.

O proceso consecuente coa descentralización competencial habería de configurarse arredor do principio polo cal a quen lle corresponde manter os servizos esenciais para a maioría social, tamén ha de ostentar a responsabilidade da política fiscal. Nestes momentos, a Xunta de Galiza, en virtude da descentralización competencial, é titular dos servizos básicos anteditos, co que



destina a maior parte do seu orzamento de gastos a políticas sociais. O propio Goberno galego actual cifra en 7 de cada 10 euros a porcentaxe de fondos do orzamento da Xunta destinados a políticas sociais e, non obstante, a pesar de exercer as competencias nos servizos públicos básicos e do gasto social, non ten capacidade para responsabilizarse do ingreso para financeiro. Así, no que atinxe aos ingresos, case 2 de cada 3 euros do orzamento da Xunta de Galiza dependen do sistema de financiamento común, cuxas decisións fundamentais determina o Estado. Dunha banda, pola capacidade á hora de fixar os mecanismos do reparto, pois o Estado ten os mesmos votos que o conxunto de todas as comunidades autónomas no Consello de Política Fiscal e Financeira. Doutra banda, por que estes recursos teñen orixe na política fiscal, cuxo deseño e aplicación a través da regulación e recadación dos principais tributos tamén exerce o Goberno central.

Se Galiza optase por un sistema de concerto económico co Estado español, sería a Xunta de Galiza, como administración responsábel de cada un dos servizos públicos básicos, quen decidise o diñeiro destinado a estes e responsábel de decidir sobre os impostos. Iso suporía que as persoas obrigadas pola imposición fiscal poden identificar con maior clareza o custo-beneficio do gasto público. Certamente, cun sistema de concerto para Galiza avanzamos á hora de decidir por nós mesmos/as, mais tamén nos convén do punto de vista económico, tamén gañamos diñeiro para atender as competencias do noso país.

O BNG aposta por un sistema máis racional e transparente do punto de vista económico que o actual, centralizado e controlado desde o Estado que logo reviste coa denominada “solidariedade interterritorial”, que nunca tivo unha demostración empírica da súa aplicación.

Fronte ao actual sistema de financiamento autonómico só dous territorios tiveron un sistema de concerto co Estado, e nunca entraron nas leas sobre a suficiencia do modelo, as eivas para financiar os servizos básicos, ou outras similares. Ao contrario, os modelos de concerto vasco e navarro atinxiron sempre alto nivel de consenso entre as administracións implicadas, e conseguiron ademais que as facendas destes territorios gozasen dunha maior suficiencia financeira, e mesmo acreditaron unha maior eficacia á hora da aplicación da política fiscal. Ademais, agora xa se están a expresar voces autorizadas a prol do concerto económico entre o Estado e Catalunya, como foi o caso do propio presidente da Xunta, Núñez Feijoo, quen, en novembro pasado, se amosou disposto a discutir que Catalunya teña un concerto similar ao vasco ou navarro. Iso implicaría que as nacións ('nacionalidades históricas' na terminoloxía constitucional), gocen dun sistema de relacións económicas e fiscais bilaterais co Estado, co que Galiza non pode ficar á marxe, do contrario estaría a admitirse unha intolerábel rebaixa do seu status institucional e político.

Por iso queremos un financiamento propio para o noso país, con plena capacidade para deseñar a política fiscal. Sen política fiscal propia, sen un modelo onde a xestión do gasto vaia ligada á do ingreso, sen Facenda Galega que regule e recade os nosos recursos económicos, non hai garantía de financiamento dos nosos servizos públicos básicos nin do deseño dunha política económica propia de políticas acaidas de estímulo aos nosos sectores produtivos. Non pode haber redistribución social se non podemos incidir directamente cunha política fiscal deseñada e xestionada desde Galiza.

As galegas e os galegos estamos a contribuír con máis diñeiro en impostos ao Estado español do que o Goberno central logo transfere para o noso financiamento. Se nos remitimos ás liquidacións tributarias, a recadación dos impostos en Galiza asignados ao sistema de financiamento (datos de 2014, últimos dispoñíbeis) foi de 9.188 millóns de euros, e engadindo a parte que nos correspondería de impostos totalmente centralizados (entre eles o Imposto de Sociedades) en función do peso económico de Galiza no conxunto do Estado (1.942 millóns máis) a recadación final ascende a 11.131 millóns de euros. Pola súa banda, as remesas do sistema de financiamento a Galiza foron no ano 2014 7.034 millóns de euros.

O sistema de concerto permite mellorar o financiamento dos servizos básicos, ampliar as competencias asumidas para incorporar á administración galega (salvamento marítimo, policía galega, etc); e, sobre todo, asumir a administración do financiamento dos concellos de Galiza e



unha distribución acorde á realidade local galega e superar o actual reparto discriminatorio do Estado que para concellos de menos de 75.000 habitantes non ten en conta os maiores custos que supoñen a dispersión xeográfica e o avellentamento, ou premiando a concentración poboacional de Madrid, Barcelona ou Valencia, en detrimento de Vigo, A Coruña ou Ourense.

Tamén se evitaría que se dese preferencia desde o Goberno central a destinar os nosos impostos para rescatar a banca privada, manter o avultado financiamento de defensa e armamento militar ou sostener un aparello burocrático centralizado sen vinculación coa prestación de servizos.

Fronte á idea dunha Galiza deficitaria, o noso país ten capacidade propia, xera os recursos suficientes para financiar os seus servizos públicos, apoiar aos sectores produtivos, e mesmo mellorar o financiamento dos concellos galegos en base a un reparto con criterios propios.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal de Vilagarcía de Arousa a adopción do seguinte

ACORDO

1. Instar ao Goberno galego a:

a) Defender un novo acordo de financiamento para Galiza, baseado no concerto económico, na atribución a Galiza da plena capacidade normativa e responsabilidade fiscal sobre todos os impostos soportados en Galiza, para asegurar a consecución efectiva do principio de progresividade fiscal no sistema impositivo.

b) Demandar, con base no modelo de concerto económico, a territorialización completa dos tributos do sistema fiscal soportados en Galiza, con capacidade normativa plena para os adaptar ás necesidades de Galiza e para dotar o goberno galego dun elemento esencial de autogoberno: a política fiscal.

c) Impulsar a creación dunha Axencia Tributaria Galega, que terá capacidade para a organización e o exercicio de todas as funcións propias da xestión tributaria (exacción, xestión, recadación, revisión, sanción e inspección), como única administración responsable, de todos os tributos soportados en Galiza. Esta Axencia será a encargada de levar a termo:

- A transferencia dos recursos necesarios desde Galiza ao Estado en concepto do custo das competencias e dos servizos comúns prestados que afecten a Galiza, que será fixada con carácter plurianual e revisábel en función de criterios e parámetros obxectivos.

- A transferencia aos concellos galegos, con base nun modelo propio de financiamento local, dos recursos necesarios para atenderen as súas competencias e servizos locais con criterios propios que permitan unha adaptación ás características do territorio e da organización local galega

d) Promover a creación dun mecanismo de redistribución interterritorial vinculado á renda relativa, que sirva de elemento verdadeiro para a redución das actuais diferenzas nos niveis de servizos e infraestruturas e que contribúa a unha verdadeira converxencia nos niveis de renda entre os diversos territorios do Estado.

2. Trasladar este acordo ao presidente do Goberno galego, ao presidente do Parlamento de Galiza e ás persoas portavoces do grupos parlamentares.

Vilagarcía de Arousa, 10 de marzo de 2017

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes do grupo municipal do BNG informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PSdeG-PSOE, PP, EU e Somos Maioría, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da Moción presentada polo grupo municipal do BNG para demandar un sistema de concerto para financiar os servizos públicos básicos en Galiza.



Concello de
Vilagarcía de Arousa

Praza Ravella, 1
36600 Vilagarcía de Arousa
T 986 099 200 · F 986 501 109
CIF: P/3606000 B



Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

Somos Maioría	BNG	EU	PP	PSG-PSOE

7. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP SOBRE EXPOSICIÓN DO PXOM NAS DIFERENTES PARROQUIAS DE VILAGARCÍA ANTES DE SER DEBATIDA A APROBACIÓN INICIAL POLO PLENO DA CORPORACIÓN.:

Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 27 de marzo de 2017, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo municipal do PP coa data de 22 de marzo de 2017, do seguinte teor:

Os concelleiros integrantes do Grupo Municipal Popular, ao amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formulan, para a súa discusión e, no seu caso, aprobación no Pleno Ordinario a celebrar o próximo día 30 de marzo de 2017 a seguinte MOCIÓN:

“Exposición do PXOM nas diferentes parroquias de Vilagarcía antes de ser debatido polo pleno da corporación”

EXPOÑEN

Que o Plan Xeral de Ordenación Municipal é o documento máis importante para o desenvolvemento dunha cidade e polo tanto ten que ter un tratamento exemplar e prioritario en canto ó acceso á información se refiere, por parte do goberno local para facelo chegar en detalle a toda a cidadanía.

Na procura da tantas veces nomeada pero habitualmente olvidada transparencia, o Grupo Municipal do PP propón que o documento sexa presentado aos cidadáns de todas as parroquias de Vilagarcía antes de ser debatido no pleno, xa que os verdadeiros afectados polas decisións deste plan serán eles durante os vindeiros anos.

Este é un tema de vital importancia e por iso todas as medidas que se tomen para facilitar o acceso a esa información e a resolver as posibles dúbidas da poboación sempre serán poucas. É de recibo que o plan que marcará o desenvolvemento urbán, comercial, industrial e verde de Vilagarcía conte co respaldo e o consenso da maior parte dos cidadáns posible e a única vía para poder acadar ese apoio é levar e explicar o PXOM polas distintas parroquias.

Dado que a empresa redactora do plan parece ter salvados os seus problemas internos de persoal e que o caso de Vilagarcía non se resinte polos reaxustes ocorridos, parece lóxico comenzar a exercer un modelo de goberno transparente e colaborador co Plan Xeral.

Por todo o exposto, este grupo municipal

SOLICITA

- Que antes de que sexa debatida a Aprobación Inicial do PXOM polo pleno da corporación, se presente o documento nas distintas parroquias que conforman Vilagarcía para que a totalidade dos cidadáns poidan coñecer e resolver as dúbidas do documento que marcará o futuro da cidade nos vindeiros anos.

Asdo. Ana Granja – Concelleira do grupo municipal do PP



Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes do grupo municipal do PP informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PSdeG-PSOE, EU, BNG e Somos Maioría, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación



Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

Somos Maioría	BNG	EU	PP	PSG-PSOE

8. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE EN RELACIÓN COA RENDA DE INTEGRACIÓN SOCIAL DE GALICIA: Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 27 de marzo de 2017, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE coa data de 22 de marzo de 2017, do seguinte teor:

MOCIÓN: RENDA DE INTEGRACIÓN SOCIAL DE GALICIA

Tania García Sanmartín, na súa condición de voceira do Grupo Municipal Socialista no Concello de Vilagarcía de Arousa comparece e como mellor en dereito proceda DI:

Ao abeiro do disposto nos artigos 97 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, Lei de Administración Local de Galicia, 91,4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e 46.2 da Lei 11/1999, do 21 de abril, Lei de modificación da Lei Reguladora de Bases do Réxime Local e outras medidas, presenta á consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte moción:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Segundo a Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, a Renda de inclusión social de Galicia (RISGA) é unha prestación pública destinada a garantir recursos económicos de subsistencia a quen careza deles, así como a acadar progresivamente a súa autonomía e integración social e laboral, mediante o dereito e o deber de participar en procesos personalizados de inserción con apoio técnico e financeiro do Sistema galego de servizos sociais e do Sistema público de emprego de Galicia.

No presente mes de marzo foi presentado no Foro da Autonomía celebrado no Senado o informe Derechos sociales en las comunidades autónomas y crisis económica, segundo ese informe, Galicia está á cola das comunidades autónomas do Estado español en canto ao importe das contías e á duración da prestación.

Por outra banda, a Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, recolle no título IV os mecanismos de acción positiva na formación para o emprego e as demais políticas activas de emprego a favor das persoas en situación ou risco de exclusión social.

Para dar cumprimento a ese mandato legal, a Consellería de Economía, Emprego e Industria inclúe nos Plans anuais de políticas de Emprego un programa dirixido a fomentar a mellora da empregabilidade, a través da adquisición de experiencia profesional, mediante a contratación subvencionada de persoas desempregadas de moi difícil inserción laboral e/ou en risco de exclusión social, beneficiarias da renda de integración social de Galicia. Para este fin, a Consellería de Economía, Emprego e Industria convoca con carácter anual unha liña de axudas, dirixidas ás Entidades locais, que financian con fondos propios parte do gasto, para a contratación temporal de persoas perceptoras da RISGA.



As bases reguladoras, para a concesión da subvención, establecen no seu articulado, como requisito de obrigado cumprimento a contratación das persoas beneficiarias por un período de contratación de sete meses e a xornada de traballo será como máximo do 75 %, non podendo en ningún caso ser inferior ao 50 %.

Estes dous requisitos abocan, por unha banda, a que as persoas beneficiarias perciban ingresos moi baixos, en ocasións incluso inferiores aos percibidos pola propia Renda de inclusión de Galicia, polo feito de non estar permitida a contratación a xornada completa e, por outra banda, os setes meses de cotización non son suficientes para percibir unha prestación por desemprego, volvendo a meirande parte das persoas beneficiarias a ter que volver a tramitar unha nova RISGA. Por todo o anteriormente exposto, o Grupo municipal socialista somete a consideración do Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

1. Instar á Xunta de Galicia e á Consellería de Política Social a incrementar a prestación económica da Renda de integración social de Galicia, así coma a súa duración.
2. Instar á Xunta de Galicia e á Consellería de Economía, Emprego e Industria a subvencionar contratos a persoas perceptoras da RISGA de xornada laboral completa e cunha duración mínima de 12 meses ou ben permitir ás Entidades locais a incrementar a xornada e a duración do contrato.
3. Dar traslado deste acordo ao Grupos Parlamentarios do Parlamento de Galicia.

Vilagarcía de Arousa, 21 de marzo de 2017

Asdo. A voceira do PSdeG-PSOE

Tania García Sanmartín

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes do grupo municipal do PSdeG-PSOE informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PP, EU, BNG e Somos Maioría, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE en relación coa Renda de Integración Social de Galicia.



Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

Somos Maioría	BNG	EU	PP	PSG-PSOE

9. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE SOBRE BECAS E AXUDAS DE ESTUDO.: Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 27 de marzo de 2017, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE coa data de 22 de marzo de 2017, do seguinte teor:

MOCIÓN: SOBRE BECAS E AXUDAS AO ESTUDO

Tania García Sanmartín, na súa condición de voceira do Grupo Municipal Socialista no Concello de Vilagarcía de Arousa comparece e como mellor en dereito proceda DI:

Ao abeiro do disposto nos artigos 97 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, Lei de Administración Local de Galicia, 91,4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e 46.2 da Lei 11/1999, do 21 de abril, Lei de modificación da Lei Reguladora de Bases do Réxime Local e outras medidas, presenta á consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte moción:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Unha política educativa baseada na EQUIDADE é a única que nos fai a todos iguais, independentemente das nosas condicións socioeconómicas. Un dos instrumentos fundamentais para conseguilo é unha política de bolsas que chegue a todos aqueles cidadáns con problemas económicos para poder estudar.

A combinación de recortes orzamentarios, reformas legais e decisións de xestión conduciron a un cambio de modelo que implica unha regresión importante nun dereito fundamental como é a educación, sacrificando a equidade que constituíra unha das nosas maiores fortalezas educativas e deixando un futuro de oportunidades educativas, accesible para uns poucos.

Un dos capítulos de maior regresión é o das axudas e bolsas ao estudo. Entre as primeiras medidas que tomou o Goberno do Partido Popular nestes “cinco anos negros” para a educación no noso país está a promulgación de dous Reais Decretos: O Real Decreto Lei 14/2012, de 20 de Abril, que regula a modificación dos prezos públicos das taxas universitarias existentes até ese momento, e o Real Decreto 1000/2012, de 29 de Xuño, que modificou totalmente as condicións para poder ser beneficiario dunha bolsa de estudos. A partir do curso 2012/2013 prodúcese unha auténtica discriminación cara aos alumnos bolseiros; xa que agora esíxeselles, ademais de cumprir os topes de renda e patrimonio, unha nota media de 5’5 puntos, para os bachareis, e 6’5 puntos, para unha bolsa universitaria. Con isto rómpese a igualdade até entón de que cun 5 podían estudar os que tiñan recursos económicos e os que non, mediante becas.

As modificacións e regresións no sistema de bolsas e axudas ao estudo, acompañadas dunha subida desproporcionada dos prezos públicos de matrícula universitaria, supuxeron unha



combinación letal para miles de estudantes que viron como a crise facía estragos nas súas economías familiares, dificultando de maneira inxusta as súas posibilidades de acceso á educación universitaria.

Os prezos públicos de matrícula e o sistema de bolsas e axudas ao estudo forman un binomio central para a garantía da igualdade de oportunidades e deben asegurar en conxunto que ningunha persoa deixe de estudar por carecer de recursos económicos.

Pero non só se castiga aos que menos teñen, esixíndoselles máis notas que aos que non necesitan beca, senón que, ademais, rebáixaselles a contía da mesma.

Este novo sistema crea ademais incerteza, xa que se divide a beca nunha cantidade fixa e outra variable, dependendo esta última da existencia de recursos económicos, polo que os alumnos non saben ao comezar o curso a cantidade que van recibir.

Este Real Decreto rompe coa consideración da beca como “dereito subxectivo” para todos os alumnos que aproben e que non dispoñan de recursos económicos, xa que agora a percepción das bolsas vai depender da cantidade económica dispoñible nos orzamentos.

Nestes cinco anos a contía media das becas baixou en máis dun quince por cento e, nas bolsas compensatorias dedicadas a aqueles alumnos con menos recursos económicos e que necesitan residencia para estudar unha carreira universitaria, a baixada foi de máis dun corenta por cento.

Estas medidas, xunto á subida das taxas universitarias, ocasionaron que máis de 100.000 alumnos fosen expulsados do sistema educativo.

Ademais, o novo sistema tivo enormes dificultades de aplicación pola falta de coherencia, previsión e incerteza. Entre as máis graves están o atraso no pago das becas, unha diminución xeneralizada na contía das mesmas, á que se engade a imposibilidade de coñecer con suficiente antelación a contía e, por tanto, a dificultade de reclamar en caso de recibir unha beca inferior.

Esta reforma foi tamén un exemplo da falta de diálogo e participación na toma de decisións das políticas en materia educativa. A reforma do sistema de bolsas implantada polo PP foi unha decisión unilateral que obviou ás partes afectadas, sobre todo o alumnado; ademais, incumpriu a propia normativa que obriga a convocar o Observatorio de Bolsas, foro de obrigada consulta para a toma de decisións nesta materia, creado a través do Real Decreto 1.220/2010, de 1 de outubro.

Por todo iso, o Grupo Municipal Socialista presenta para a súa consideración e aceptación polo Pleno Municipal desta MOCIÓN instando o Goberno de España a:

1.- Convocar con carácter de urxencia o Observatorio de Bolsas, creado a través do Real Decreto 1220/2010, de 1 de outubro. Este Observatorio emitirá un informe, preceptivo, antes das convocatorias anuais de Bolsas e axudas ao Estudo.

2.- Modificar a normativa reguladora das bolsas para recuperar o verdadeiro sentido das mesmas como dereito subxectivo, sen que ningún estudante que cumpra os requisitos quede sen beca por cuestións orzamentarias.

3.- Modificar os requisitos académicos actuais para a obtención dunha bolsa, restablecéndose os requisitos dispostos no Real Decreto 1721/2007, de 21 de decembro, de becas e axudas ao estudo personalizadas.

4. Establecer criterios claros, obxectivos e ponderables para a súa obtención, de tal maneira que o solicitante poida coñecer de antemán os criterios polos que se lle outorgan as becas e a contía que percibirá se lle é concedida, no caso de cumprilos.

5.- Facer a convocatoria anual de becas inmediatamente despois da publicación do Real Decreto de Bolsas, de forma que a resolución e o pago das mesmas se realicen antes do comezo do curso.

6.- Revisar os topos de Renda e Patrimonio para o dereito a unha bolsa, seguindo o recollido nos ditames á convocatoria de bolsas e axudas ao estudo aprobados e emitidos polo Consello Escolar do Estado, e adaptándoos ás circunstancias de cada momento, e non computar no límite patrimonial familiar, fixado en 1.700€, as subvencións ou prestacións económicas concedidas polas Administracións Públicas que teñan por finalidade atender a situacións de necesidades sociais puntuais, urxentes e básicas de subsistencia.



7.- Eliminar as trabas establecidas para as Bolsas Erasmus, cos novos requisitos, recuperando os anteriores e ampliar nos exercicios sucesivos os créditos orzamentarios destinados para este programa.

8.- Crear unha Bolsa de “rescate” que permita que aqueles alumnos que tivesen que abandonar os estudos polos criterios académicos introducidos na reforma de 2012 se poidan incorporar ao Sistema Universitario.

9.- Ofertar unha modalidade de Axuda Específica para aqueles alumnos que necesiten realizar a Acreditación Lingüística e que actualmente é o nivel B1.

10.- Recuperar as dotacións orzamentarias destinadas á convocatoria de Bolsas Séneca, de mobilidade nacional, que foron eliminadas no curso 2012-2013

11.- Reforzar o sistema de bolsas de máster, dada a estrutura dos estudos universitarios desde a implantación do sistema de graos; prestando especial atención as necesidades de mobilidade do alumnado das comunidades autónomas onde a oferta de máster non está desenvolvida, como é o caso galego.

Vilagarcía de Arousa, 21 de marzo de 2017

Asdo. A voceira do PSdeG-PSOE

Tania García Sanmartín

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes do grupo municipal do PSdeG-PSOE informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PP, EU, BNG e Somos Maioría, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE sobre becas e axudas ao testudo.



Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

Somos Maioría	BNG	EU	PP	PSG-PSOE

10. INTERPELACIÓNS OU CONTROL DAS DECISIÓNS DO GRUPO DE GOBERNO.

Non se presentaron



11. MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS POR RAZÓNS DE URXENCIA.

En cumprimento do preceptuado no artigo 91.4º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, concluído o exame dos asuntos incluídos na Orde do Día, e antes de pasar á rolda de rogos e preguntas, o Sr. Alcalde preguntou se algún grupo político desexaba someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria e que non teña cabida no citado punto de rogos e preguntas, non propoñéndose ningunha moción polos Grupos Políticos Municipais.



Concello de
Vilagarcía de Arousa

Praza Ravella, 1
36600 Vilagarcía de Arousa
T 986 099 200 · F 986 501 109
CIF: P/3606000 B

12. ROGOS E PREGUNTAS. Por parte dos/as Sres./as Concelleiros/as fórmulanse os seguintes rogos e preguntas:



13.- QUENDA DE ROGOS E PREGUNTAS ENTRE O PÚBLICO ASISTENTE Á SESIÓN.

Por parte do público asistente fórmulanse rogos e preguntas.

E sen máis asuntos que tratar, ás
acta e eu, Secretaria, dou fe.

, levantouse a sesión da que se estende a presente